

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de febreiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES

A/ Natalia Salgado Rodríguez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 12 de decembro de 2023 (RE núm. 1968), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	MARÍA BELLA SALGADO RODRÍGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE ADELÁN, PARROQUIA DE GUILLAR

DATOS DA NOVA TITULAR

NOME E APELIDOS	NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE ADELÁN, PARROQUIA DE GUILLAR

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CAFÉ-BAR
DENOMINACIÓN COMERCIAL	MESÓN A RODA
LUGAR	ADELÁN
PARROQUIA	GUILLAR
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A025003250001AO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 14/04/92)
LICENZA DE APERTURA	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 25/06/92)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

B/ Juan Manuel Alvarellos Campos

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 15 de febreiro de 2024 (RE-E núm. 87), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	SUSANA LÓPEZ GUERRA
DNI	██████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DO NOVO TITULAR

NOME E APELIDOS	JUAN MANUEL ALVARELLOS CAMPOS
DNI	██████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	AMPLIACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO E FOSA DE XURRO
LUGAR	MESÓN DE AUGALEVADA
PARROQUIA	CARBOENTES
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A123003060000LX

LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 17/10/22)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 05/10/22 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REXISTRO REAGA	██████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigación legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “REFORMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CENTRO CULTURAL “MANUEL LAMAZARES” DE RODEIRO”, redactado polo arquitecto Don Manuel G. Cotelo Varela, con data febreiro de 2024, cun importe de execución por contrata de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (48.317,18 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 23/02/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 16, do 23/01/24); e a conveniencia de solicitar dita subvención para acometer obras no Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro, consistentes no acondicionamento da edificación mediante a instalación dunha nova cuberta, e a mellora da accesibilidade a través da colocación dun novo pavimento e a supresión de barreiras arquitectónicas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades unha subvención económica, por importe total de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), para a realización do investimento denominado “*Reforma e mellora da accesibilidade no Centro Cultural “Manuel Lamazares” de Rodeiro*”.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2024

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24/01/24) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación de dous postos de traballo de peón forestal, a tempo completo e por un período de nove meses, para a realización dun programa de interese social municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica, por importe total de TRINTA E DOS MIL DOUSCENTOS QUINCE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (32.215,58 €), para a contratación de dous/dúas traballadores/as para o desenvolvemento do servizo denominado “*Acción preventiva en faixas secundarias*”.

Segundo.- Aprobar a memoria do servizo que van realizar o/a traballador/a, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o I Convenio estatal para o sector de actividades forestais (BOE núm. 165, do 11/07/19).

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

6.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de

Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24). O Sr. alcalde informa que o Concello ten asignada a cantidade de 50.314,38 € na liña de concorrencia non competitiva.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de CINCUENTA MIL TRESCENTOS CATORCE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (50.314,38 €) para o proxecto que coa súa denominación, actuacións incluídas nel, e orzamentos deseguido se enumeran:

Liña non competitiva:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Adquisición de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural

ACTUACIÓNS INCLUÍDAS	ORZAMENTO TOTAL	TIPO DE GASTO
Adquisición de vehículo retroexcavadora	30.250,00 €	Investimento
Adquisición de cabezal podador para tractor	13.915,00 €	Investimento
Adquisición de cortadora de céspede	13.310,00 €	Investimento

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

7.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24). O Sr. alcalde informa da conveniencia de optar asemade polas subvención en concorrencia competitiva para financiar un investimento consistente na adquisición dun novo vehículo tipo furgoneta a utilizar como medio auxiliar en diferentes servizos municipais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes una subvención por importe de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) para o financiamento do investimento denominado “*Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais*”.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 9.948,55 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xaneiro de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 4.528,52 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xaneiro de 2024, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 2,25 €, 69,39 € E 9,58 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA77Y0001056, TA77Y0001071 e TA77Y0001072 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 8.927,02 € E 1.624,86 €
Honorarios por redacción de proxectos para o cambio de destino das subvencións da liña 1 do Plan Concellos 2023, s/facturas núm. 002/2024 e 003/2024.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.672,28 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xaneiro de 2024, s/factura núm. A/13 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 2.522,92 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público municipal, s/factura núm. 16.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 605,00 €
Por traballos de instalación e retirada do alumeado ornamental de Nadal, s/factura núm. 1/2024.

- ALQUILERES LALÍN S.L. 441,65 €
Por aluguer de deshumidificador industrial para o pavillón municipal e ximnasio, s/factura núm. 24/92.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 2.174,79 €
Por diversas reparacións eléctricas no pavillón polideportivo, s/factura núm. 15.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)